

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativada deputada Encarna Amigo Díaz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, **10/PNC-002287(28926)** sobre o cumprimento polo Goberno galego do compromiso electoral referido á demanda ao Goberno central da rebaixa do IVE dos alimentos sen glute para as persoas celíacas

Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que implante algunha medida de vantaxe fiscal para as persoas con enfermidade celíaca e erros innatos do metabolismo, ben sexa a aplicación do IVE reducido a todos os alimentos e produtos dietéticos destinados a elas ou ben sexa calquera das alternativas expostas no estudo sobre ‘La situación de las personas con enfermedad celíaca en España’ elaborado pola institución do Defensor del Pueblo”.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 15/05/2018 18:05:05

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/05/2018 18:05:39

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciatada deputada Marta Rodríguez Arias, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario de En Marea **10/PNC-002332(29364)**, sobre a garantía pola Xunta de Galicia do acceso ao Servizo de seguimento postadopción nas xefaturas territoriais da Consellería de Política Social para todas as familias galegas que adoptaron menores a través da adopción internacional.

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a promover a labor de mediación con outros Organismos Acreditados para a adopción internacional para a realización dos seguimentos postadoptivos naquelas familias que o soliciten por presentar situacións de conflito co OAAI co que tramitou o seu proceso adoptivo.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 15/05/2018 16:27:29

Marta Rodriguez Arias na data 15/05/2018 16:28:09

Á MESA DA COMISIÓN 5.^a

O Grupo Parlamentario de En Marea, a través da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á Proposición non de lei, doc. núm. **29909**, a debate na vindeira Comisión 5^o do 16 de maio, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención prestada ás persoas con infarto agudo de miocardio, e de xeito específico, na extinta área sanitaria do Salnés **(10/PNC-002393)**.

Emenda de engádega

Débase engadir no punto 2, un apartado 2.bis co seguinte texto:

- 2 bis. Realizar igualmente, informes específicos sobre atención as persoas con IAM para o resto de distritos e áreas sanitarias, con especial atención en Lugo e Ourense.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 15/05/2018 11:43:26

Luis Villares Naveira na data 15/05/2018 11:43:33



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención prestada ás persoas con infarto agudo de miocardio e, de xeito específico, na extinta área sanitaria do Salnés, con número de rexistro **29909**, que figura na orde do día da Comisión 5ª convocada para o vindeiro 16 de maio de 2018.

Emenda de substitución

Substituír o punto 3 polo seguinte texto:

“3. Dotar á comarca do Salnés dun servizo permanente, 24 horas ao día, os 365 días do ano, dunha ambulancia de Soporte Vital Avanzado, é dicir, dotada permanentemente cun equipo humano composto por persoal facultativo e de enfermería, especializado na atención sanitaria en situacións de emerxencias e dous/dúas técnicas en transporte sanitario urxente.”

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2018 18:17
Nº Rexistro: 31017
Data envío: 15/05/2018 18:17:59.859

Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 15/05/2018 18:10:13

Ana Pontón Mondelo na data 15/05/2018 18:10:24